8.- RACISMO, TOLERANCIA CERO

A escola é, ademais do lugar preferente onde os nenos aprenden coñecementos curriculares, un espazo de educación na convivencia e o respecto.

Tense detectado que algún nenos adoptados ou de acollida sofren situacións de racismo, discriminación ou conflito. Por isto reforzamos a importancia que ten o feito de que haxa unha maior sensibilización e formación dos educadores e profesionais da educación para reaccionar fronte á discriminación e/ou incidentes xenófobos que se producen no contorno escolar.

9.- FORMACIÓN E APOIO AO PROFESORADO

É preciso dotar aos equipos docentes de formación específica en materia de adopción, acollemento e necesidades especiais, de xeito que coñezan e poidan entender e dar resposta ás necesidades dos alumnos que, por determinadas circunstancias ou situacións, viron afectado o seu desenvolvemento emocional, social e cognitivo.

Esta formación debe incluírse dende o comezo nas facultades universitarias, nos centros que imparten ciclos formativos e naqueles estudios que se relacionan coa infancia e o ámbito social.

Así mesmo, facilitar unha formación permanente e específica aos profesionais en exercicio, de todas as etapas educativas, sobre adopción e acollemento.

10.- COORDINACIÓN FAMILIA ESCOLA

A comunicación e coordinación son esenciais entre a familia e os profesionais (Logopedistas, Pedagoxía terapéutica, EOEPs, EAT, orientadores) que estean prestando o seu apoio no centro. Unha boa coordinación implica información, comprensión, respecto mutuo, comunicación fluída, continua e confidencial.

Considérase necesario que a escola estea aberta a colaborar e traballar conxuntamente con outros servizos e profesionais que interveñen cos nenos: terapeutas, psicólogos, pedagogos, etc.

COMISIÓN ESCOLA E ADOPCIÓN

CORA
Coordinadora de Asociaciones
en Defensa de la Adopción y el Acogimiento

DECÁLOGO ESCOLA E ADOPCIÓN

1.- INCORPORACIÓN AO SISTEMA EDUCATIVO

Coidar especialmente o período de adaptación á Escola:

- A data de chegada do menor á familia pode condicionar a entrada ao sistema educativo. Débese dar prioridade á vinculación e adaptación familiar antes que á incorporación inmediata ao Centro educativo, nalgúns nenos sería axeitado retrasala segundo as súas necesidades e a súa historia persoal e escolar.
- A incorporación nun determinado curso debería facerse atendendo ao grao de desenvolvemento e maduración individual, non considerando exclusivamente a idade cronolóxica como criterio.
- Por todo o anterior, é moi importante realizar previamente á escolarización unha avaliación psicopedagóxica que permita detectar o nivel de desenvolvemento madurativo (en E. infantil como medida de detección e prevención), o desenvolvemento cognitivo, emocional, social e as dificultades específicas de aprendizaxe e competencias curriculares (en Primaria e Secundaria).

CORA
Coordinadora de Asociaciones
en Defensa de la Adopción y el Acogimiento

2. -SEGUIMENTO ESCOLAR E PSICOPEDAGÓXICO

É preciso levar a cabo un seguimento coordinado e periódico polos profesionais que interveñen co alumno na aprendizaxe como o titor, Logopedista, profesional de Pedagoxía Terapéutica, EOEPs, EAT e orientadores, que sirva para detectar precozmente as dificultades e implementar a resposta educativa e as estratexias axeitadas ás necesidades do alumno, aplicando, de consideralo necesario, as oportunas adaptacións curriculares.

3. - TER EN CONTA AS EXPERIENCIAS PREVIAS

A experiencia ven demostrando que estes nenos, polo xeral, teñen máis dificultades que a media da súa idade para manter a motivación nas aprendizaxes, xestionar as súas emocións, aprender a tolerar a frustración e desenvolver a seguridade e a autoestima persoal. A meirande parte deles adoitan reaccionar de xeito diferente ao resto do alumnado ante castigos e medidas represivas, funcionando moito mellor ante o reforzo positivo en todo momento e situación.
Non debemos esquecer que non son responsables das posibles vivencias negativas que tiveran, rupturas a idades temperás, coidados neglixentes ou desaxeitados, falla de estimulación, períodos de institucionalización, malos tratos, abusos, etc.

4.- RESPOSTA ESCOLAR AXEITADA AS SÚAS NECESIDADES

Os mestres e demais profesionais implicados na educación deben saber que moitas das vivencias que son comúns na historia dos nenos adoptados poden condicionar e dificultar a súa evolución, e xerar dificultades nos seus procesos de aprendizaxe e as súas relacións sociais.

As persoas implicadas na súa educación teñen a responsabilidade de proporcionarlles respostas axeitadas ás súas necesidades, para axudarlles na superación das posibles pegadas dun pasado difícil. Precisan dun maior acompañamento para acadar unha boa autoxestión e manter a súa seguridade e confianza.

5. - REVISAR E ACTUALIZAR OS CONTIDOS DO CURRÍCULO

A escola debe promover un modelo de educación inclusiva que atenda as necesidades de todos os nenos e onde todos se sintan identificados.

A revisión de obxectivos e contidos, de metodoloxía, materiais, actividades, léxico e a actualización continua son necesarias, para que ningún alumno se sinta excluído ou inadecuadamente representado.

6. - PROCESO DE AVALIACIÓN

Para valorar axeitadamente a evolución da súa aprendizaxe, pode ser preciso recorrer a técnicas tales como:

- Unha maior atención á avaliación continua, onde se resalten os logros individuais aínda que non acaden as metas colectivas.
- Valorar non só os coñecementos senón tamén o esforzo realizado.
- Que a recuperación de materias sexa posible por medio da elaboración de traballos, como ferramenta ocasional.
- Dotar de máis tempo na realización dos exames, no caso de que sexa necesario polo ritmo de aprendizaxe do alumno.
- Exames orais en substitución dos escritos, sempre que se considere conveniente.

7.- EDUCACIÓN SOCIOEMOCIONAL E EN VALORES

A educación emocional e en valores é esencial en todas as etapas de escolarización, infantil, primaria e secundaria. No caso concreto dos nenos adoptados e en acollida, faise necesario que os educadores teñan en conta o xeito no que as súas particulares traxectorias vitais condicionaron o seu desenvolvemento socio-emocional.

CORA
Coordinadora de Asociaciones
en Defensa de la Adopción y el Acogimiento